

# verdeoir

POESÍA ESCÉNICA · NOELIA GÓMEZ · RUI GREHA



[verdeoir.contacto@gmail.com](mailto:verdeoir.contacto@gmail.com)

# verdeoír

Proxecto de poesía escénica no que a palabra, o son e a imaxe acadan a dimensión dun mesmo ser. A vista e o ouvido fusiónanse. Ambos sentidos actúan de maneira homoxénea, nacen da mesma raíz, dos textos poéticos de Noelia Gómez e da paisaxe sonora que crea Rui Grenha. A través da guitarra e dos efectos sonoros, xunto á voz da autora, utilízase a plasticidade do son como instrumento unificador. Unha amalgama de sentidos proxéctanse na escena rompendo toda fronteira entre sensacións. O poema sae da páxina para entrar directo ao corazón.

# xirando

Concerto poético-musical que parte do poemario *O xiro* (Xerais, 2018), co que Noelia Gómez gañou o V Premio de Poesía Gonzalo López Abente.

Na actuación, dividida como o libro en tres partes diferenciadas (Contorno, Eixe, Desprazamento), o poema transfórmase nun ente físico que danza no escenario, canda a buxaina de madeira que se lanza en directo, sendo proxectada en tempo real durante todo o concerto, converténdose na verdadeira protagonista de Xirando.

# Noelia Gómez

é poeta e xornalista, especializada en literatura, arte e pensamento. Forma parte do Padroado e da Comisión Executiva da Fundación Castelao. En 2015 gañou o Torneo de Poesía Recitada Ferve a Lingua (Concello de Rianxo). Participou nas antoloxías poéticas *No seu despregar* (Apiario, 2016), *Poesía galega novísima* (Urutau, 2020) e *Así fala Penélope* (Chan da Pólvora, 2022). Tamén publicou en libros colectivos como *7 Relatos curtos contra a violencia de xénero* (2015), *Cultura que Une. Ribeira Sacra-Douro* (2018); e en revistas como *Madrygal* ou *Dorna*. O seu primeiro poemario, *O xiro* (Xerais, 2018), obtivo o V Premio de Poesía Gonzalo López Abente. Algúns poemas deste libro foron traducidos ao alemán, ao alemán suízo e ao italiano por *Galemán Poesie. Desenfoque* (Apiario, 2024), o segundo poemario da autora, viu a luz no outono de 2024.

# Rui Grenha

é músico, compositor, docente e técnico de son portugués afincado en Vigo desde o ano 2008. Estudou guitarra clásica e música antiga no Conservatorio Superior de Vigo. Participou e foi premiado en varios concursos de guitarra onde se destaca o primeiro premio do Concurso Internacional de Guitarra de Leiria (2007). Formou parte de CIOB – Concerto Ibérico Orquestra Barroca e de Ritornello – Camerata Joanina, con quen estudou e interpretou repertorio dos compositores máis relevantes do período barroco. Máis tarde, formouse en música moderna no Seminario de Jazz de Pontevedra. Durante a súa traxectoria artística compuxo música para teatro, espectáculos audiovisuais e poesía escénica. Na actualidade compaxina a súa actividade de concertista e de técnico de son coa docencia.

# traxectoria

Verdeoir formouse en 2022 e fai parte do Colectivo Límites.

Desde entón actúa en diversos escenarios do panorama poético-musical galego, como festivais, actos e espazos de programación cultural. Algúns exemplos son:

- \_Mes cultural - Poesía en Atios (2022)
- \_Actos Castelao, Rianxo (2023)
- \_Poética en Acción, MARCO (Museo de Arte Contemporáneo de Vigo) (2023)
- \_Festival Abride a Fiestra 2024, Casa de Rosalía, Padrón (2024)
- \_Certame de Microrrelatos da Ría Lonxa Literaria, Concello de Moaña (2024)
- \_Festival Fin de Curso, IES Salvaterra de Miño (2024)
- \_Bolsa Poética, Auditorio de Valladares (Vigo) (2025)

# enlaces

Cabalo Corazón


Desenfoque

Verdeoir+CINTAADHSIVA

Un poema de O Xiro

Un relato de Castelao

Colectivo Límites



Situarse no eixe  
sabendo que nunca chegarán  
os 360°

percibir o xiro  
atravesar a escrita

o ardor do que se aprende

[verdeoir.contacto@gmail.com](mailto:verdeoir.contacto@gmail.com)

verdeoir